

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE MARZO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: MARGARITA DEVESEA CARDELLE
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/02/2011)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2010

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2010, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2011 e que presenta un resultado axustado de CINCOCENTOS ONCE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (#-511.358,89€#) de DÉFICIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

	EUROS
+ Dereitos recoñecidos netos	4.179.613,04




- Obrigas recoñecidas netas	-
	4.690.971,93
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	-
	511.358,89
- Desviacións positivas de financiamento	.
	0,00
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	.
	0,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-511.358,89
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	172.201,33
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	74.724.522
Remanentes de crédito non comprometidos	.
	261.687,07
Remanentes de crédito comprometidos	.
	0,00
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	PENDENTE
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2009	76.760,22
+ Dereitos pendentes de cobro	.
	232.467,11
- Acreedores pendentes de pago	841.194,43
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA TOTAL	-
	531.967,10
- Saldos de dubidoso cobro	0,00
- Exceso de financiamento afectado	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-
	531.967,10

Don Antonio Sánchez do PSdeG-PSOE expón que a liquidación é o reflexo da actuación do concello durante o ano 2010, e que dende logo lle gustaría que o resultado fose outro; agora ben di que se se analizan os números chégase á conclusión de que o problema foi debido a que non se cumpriron as previsións de ingresos, basicamente debido á baixa das transferencias recibidas doutras administracións (Estado e Xunta)

Sinala tamén que o ano pasado se tomaron medidas, pero que á vista dos números non foron suficientes nin se tomaron a tempo, se ben o concello xa pasou por outra situación semellante a esta, en concreto no ano 2007, e practicamente se superou no exercicio seguinte, e este ano o orzamento aprobouse cunha rebaixa do 21%, co que a situación quedará practicamente arranxada.

Di ademais que na Comisión Informativa se falou de que dado á altura do ano no que nos atopamos e a próxima convocatoria electoral, a vindeira corporación será a que teña que facer un análise serio e en profundidade de todos os servizos que presta o concello, de cales son prescindibles e facer campañas para intentar aforrar gastos (aforro enerxético, ...), e sobre doutros servizos que se prestarán só se os usuarios os financian ao cento por cento (100%), como é o caso da piscina e outros como a ludoteca, o servizo de madrugadores, ou o servizo de mo-



nitoraxe no comedor do CEIP de Ortigueira, que son de apoio ás familias, sobre dos que se terá que pronunciar a corporación.

Tamén sinala que se debe valorar o exercicio de transparencia que fixo á Alcaldía ao traer este asunto ao Pleno, sobre todo tendo en conta a práctica habitual do resto dos concellos, destacando tres aspectos positivos dentro do negativo do resultado; o concello ten unha situación de endebedamento moi por debaixo do que permite a lei (22%); non hai facturas pendentes e hai posibilidade, sobre todo no tema de préstamos, que son a moi curto prazo, polo que hai posibilidades de conseguir melloras.

Por último recorda que no pasado exercicio tamén se aprobou o convenio colectivo do persoal laboral do concello, que supuxo unha serie de melloras, e un incremento do gasto, deixando sobre da mesa un asunto do que tamén se falou no Parlamento de Galicia: en época de crise que convén facer políticas expansivas ou políticas restrictivas?

Para rematar di que a situación non é preocupante.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que agarda que sexa certo que a situación non é preocupante, pero que en principio parece, porque si houbo unha situación parecida no ano 2007, que nunca se explicou debidamente ao resto da corporación a que foi debido ese resultado negativo, aínda que todos supuxeron que derivaban dun ano electoral, e que o do ano pasado é debido á minoración de ingresos pero indica en todo caso unha tardía ou incapacidade de reacción no equipo de goberno ante un cambio de situación.

Di que efectivamente non é o momento oportuno para tomar medidas estruturais, de facer cambios profundos que van afectar á seguinte corporación, pero a situación que temos tamén vai afectar á seguinte corporación, e si se bota en falta a capacidade de reacción en cambios non tan profundos que suporían aparentemente un cambio de actitude (facturas de teléfono, luz, ...gastos correntes), xa que en época de crise hai que eliminar unha serie de gastos correntes populistas que suporía un aforro.

Sinala tamén que a situación para ela é preocupante e que dende logo non se soubo reaccionar a tempo, e que ela xa veu denunciando noutros momentos con respecto a plans de obras e outros, que o equipo de goberno segue apostando por un modelo que dende o BNG se cree que está obsoleto, non so polo mantemento dos asfaltados, senón por asfaltados novos que non sempre son razoables, coa colocación de farolas novas en vez de facer un estudo de onde realmente son necesarias, onde son imprescindibles, e investir en aforro enerxético, en definitiva hai que facer un estudo de cales investimentos son imprescindibles e cales se poden soster.

O Sr. Alvela de TEGA di que é unha cuestión feita, que non ten arranxo, pero que a situación é preocupante porque este desfase supón porcentualmente sobre dos orzamentos unha cifra demasiado elevada

Di tamén que a situación non se soubo atallar a tempo, e que os parches non serven, que hai que tomar medidas sobre cuestións que loxicamente poden ser pouco populares, pero que a realidade é que ao non facelo aparece este desfase, e obriga á seguinte corporación a facelo, e maniata á que saia elexida nas vindeira convocatoria electoral de maio.



Di que entende que a lei obriga ás coporacións a presentar as súas contas ante o Consello de Contas, e que supón que obrigará a facer un plan de viabilidade.

En definitiva sinala que compre sacar tarxeta roxa porque este desfase lastará bastante o futuro de Vedra.

O Sr. Martínez do PP di que coincide coas valoracións feitas polos grupos da oposición e agradece a sinceridade , pero malo cando o equipo de goberno considera que os números son feos, coincidindo tamén en que o novo equipo de goberno que saia elixido nas vindeiras eleccións locais terá que tomar medidas complexas e que o ideal será incluso que sexan consensuadas entre todos os grupos para arranxar esta situación

O Pleno dáse por enterado

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión da Medalla de Prata de Vedra a don Manuel Barcia Valiñas

Dáse conta da proposta da Comisión de Asuntos Xerais de concederlle a Medalla de Prata de Vedra a don Manuel Barcia Valiñas, en mérito á dedicación á educación durante tantos anos como director do Colexio Público de Vedra .

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgar a Medalla de Vedra na súa categoría de prata ao mestre don Manuel Barcia Valiñas.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Áo rogo de dona Xosefina R. Guitián do BNG para que canto antes se repaña a protección que existía na ponte da estrada de Gaiosa ao Ponte de Sarandón, e que axilicen os trámites para que a Deputación coloque uns quitamedos, a Presidencia di que xa se solicitaron e que espera que os coloquen canto antes

--En canto aos rogos e preguntas formulados por don Carlos Martínez do PP sobre das obras na estrada Vedra -Santa Lucía, a Presidencia di que algún deles xa está arranxado, como é a colocación do quitamedos e os accesos á Casa de Cultura, e hai outros que espera que se fagan. Con respecto ás augas do tellado do alpendre de dona Pilar García, di que se falou con eles e en caso de non facelo que se fará cargo o concello

Sobre da situación da Ponte das Cabras, di que existe un proxecto pero que nesta lexislatura non está previsto levalo a cabo

Polo que respecta ás obras da pista de A Torre, di que se falou con don Miguel Cabrero , director de obras da Xunta de Galicia, e que a empresa adxudicataria das mesmas solicitou unha prórroga.

En canto á colocación de quitamedos en Rosende, di que se foi inspeccionar o sitio e que non se sabe ben onde é, e sobre da limpeza solicitada en Merín (fonte do santo), di que é unha masa común e que se non a limpa a Xunta terá que limpa-la o concello.

Por último ao rogo para que se repase o alumeadado público en Illobre e no resto das parroquias, di que se comezou por Ponte Ulla e que se fará en todas as parroquias.



5º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que presentou no Rexistro Municipal un escrito solicitando que se explique no pleno e de ser o caso se debatan as modificacións do Regulamento da escola infantil, xa que lle corresponde a súa aprobación ao pleno e aparecen aprobadas na acta da Xunta de Goberno do día 08/03/2011

A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario da Corporación, quen di que está pendente de estudo si os cambios aprobados son impostos polos servizos da Xunta ou se é unha cuestión que pode determinar a corporación; de ser así incluírase na orde do día da vindeira sesión plenaria

De seguido dona Xosefina R. Guitián formula os seguintes rogos e preguntas

1) Solicita explicación sobre da aprobación pola Xunta de Goberno das modificacións do Regulamento da escola infantil, se son debidas a obriga legal e se se van debatir no pleno

2) Como está o tema da desafectación das escolas unitarias?

3º.- Cando poderá quedar libre un acceso ao muíño de Castiláns?

4º)Roga se faga un esforzo para que existan colectores para a recollida de lixo selectiva en todas as aldeas, xa que no núcleo de Sarandón, onde está a escola, igrexa, campo da festa e casa de cultura non existe ningún colector de cartón nin de plástico.

--Don Carlos Martínez do PP presenta os seguintes rogos e preguntas:

-Sr. Alcalde ao respecto das obras que se están a executar na parroquia de San Xián de Sales polas obras da estrada Vedra -Santa Lucía, volvemos a insistir en cousas que están por facer ou non están ben feitas e os problemas quedarán logo para os veciños cando as empresas se vaian. Por iso pedimos:

*Que se recollan todas as pluviais das casas nas zonas das beirarrúas para que cando chova a auga non discurra por encima delas

*Que se faga a canalización de pluviais diante da Casa da Sociedade nas debidas condicións, xa que é unha zona que polo peralte da curva e a súa situación, empoza a auga

*Que se remate a colocación da pedra da entrada ao atrio da igrexa ata a estrada

*Que se arranxen os problemas de sinalización

*Que se amplie o cruce do campo da festa ata o límite do expropiado, aumentando a seguridade e facilitando os xiros

*Que se remate axeitadamente a obra entre as beirarrúas e os valos, buscándolle unha solución que evite que queden unhas zonas perigosas e antiestéticas

*Que se coloque unha barreira de seguridade na Ponte das Cabras xa que a situación na que se atopa é de verdadeiro perigo



Con respecto á última fase desta obra, a da Ponte das Cabras ata a estrada nacional, fase da que vimos preguntando en todos os plenos, fixeron algunha xestión para conseguir que esta obra saia adiante?. Cales?. Volvemos a ofrecer a colaboración do noso grupo para que esta obra se faga.

Solicitamos a colocación de puntos de luz na pista da Laraño cara o río, ao comezo da pista

Solicitamos tamén a colocación da rede de saneamento nesa pista, nun pequeno tramo dende a casa de Manuel Crespo ata a conexión coa rede que cruza máis abaixo.

Solicitamos a colocación de dous espellos no cruce de Laraño á Casa do Sol, a ámbolos dous lados da pista

Como está o tema do arranxo da pista de Cibrán a Laraño da que xa fai meses nos dixo que se ía arranxar nun plan ou convenio da Xunta?

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e corenta minutos

